

Expediente	2022049702
Asunto	Solicitud de acceso a información pública de Don
Trámite	Resolución presidencial de inadmisión de acceso a información pública

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de Transparencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Con data 26 de xullo de 2022 recibíase a través do modelo normalizado de acceso a información pública a solicitude de Don , con CSV , co seguinte alcance: "Solicito información sobre a normativa xeral respecto das condicións de obrigatoriedade para as vivendas familiares para se conectaren á rede de sumidoiros: distancia mínima e altura se houber".

Que entrando a valorar o elemento obxectivo da solicitude cómpre indicar que o saneamento é unha competencia municipal segundo o previsto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polo que deberá acudir ao concello onde estea situada a vivenda para obter a información concreta sobre as condicións para a conexión a rede de sumidoiros.

Que na súa petición non se indica o concello onde está situada a vivenda obxecto de consulta, polo que non é posible que esta administración traslade a súa solicitude á administración competente.

Que só no suposto que as obras de instalación afectan a algunha estrada provincial será necesario obter autorización da Deputación. Neste caso o procedemento de autorización está dispoñible na sede electrónica desta Deputación.

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia da Deputación de Pontevedra e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº 2019014186, do 1 de agosto do 2019, de delegación das atribucións da Presidencia, modificada por Resolución Presidencial número 2020003407, do 27 de maio de 2020,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.- INADMITIR** a solicitude de acceso a información pública, segundo o previsto no artigo 18.1.d) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información

pública e bo goberno, xa que esta dirixiuse a un órgano en cuxo poder non obra a información solicitada e se descoñece o competente.

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional [www.depo.gal](http://www.depo.gal), unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

*Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.*

*Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*